

NORMAS ESPECÍFICAS DO ALUMNADO CURSO 2020 2021

- Antes de asistir ao centro:

- Si presentas síntomas compatibles co COVID 19 (febre, sensación de falta de aire, diminución de olfato e de gusto, escalofríos, dor de garganta, dor de cabeza,...) non debes acudir ao colexio e tes que contactar co teléfono do centro e co teu centro de saúde para dar información de como estás.
- Tampouco poder vir ao colexio si te atopas en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID 19 aínda que ti estes san.
- Non debes vir ao colexio se tes contacto estreito con algún membro da familia que teña algún síntoma relacionado co COVID19 aínda que non fose diagnosticado como contaxio.
- O alumno que sexa especialmente vulnerable pola súa condición sanitaria diagnosticada (diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas,...) poderá acudir ao colexio, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección rigorosa.
- Deberás antes de que comece o colexio ler de maneira atenta as normas do Plan de Adaptación e de Continxencia do centro para saber cada día as normas que hai que seguir.
- É convinte que prepares todo o necesario para vir ao colexio polas mañás tendo en conta o necesario de non compartir ningún material con compañeiros, trae a bolsa para gardar a máscara e incluso unha máscara de substitución por si rompe a primeira. Pensa que o mais importante para tí é a protección.
- Recorda que todo o material do centro debe ter nome. Este ano esta norma é mais importante que nunca, xa que o que non teña nome non se poderá devolver a ninguén aínda que penses que é teu, xa que te podes equivocar e non podes compartir con ninguén ningún material pola túa saúde e a dos demais.
- Recorda que terás que levar a túa botella de auga e a túa merenda en recipientes con nome que permita que non se compartan en ningún momento estes recipientes. Esa norma será tamén para os irmáns.

- Cando vaias ao centro:

- Localiza as zonas de entrada e saída ao centro que estarán sinalizadas no Plan COVID do centro.
- Antes de entrar ao centro limpa os teus zapatos na alfombra de desinfección e limpa as mans con xel.
- Facilita xunto coa túa familia os accesos e a distancia interpersonal de seguridade.
- Cumpre estritamente os horarios de entrada e saída do centro marcados no Plan COVID para que non existan aglomeracións.
- Non te quedas na porta a falar e pensa sempre que tes que estar protexido tamén nestes momentos.
- Mantén en entradas e saídas (recreos e actividades incluídas) a distancia entre ti e os teus compañeiros e entre ti e os profesores. Cumpre sempre as normas establecidas no Plan COVID para movementos polo corredores e cando baixes aos aseos.

- Posibilita en todo momento a quen organiza as entradas e saídas e colabora con eles para impedir que se fagan aglomeracións nestes e noutros momentos.
- Le, respecta e cumpre co que aparece reflexado nos carteis informativos sobre a limpeza de mans e medidas de prevención no centro.
- Lávate de maneira frecuente as mans con auga e xabón ou, no seu defecto, con xel hidroalcohólico.
- Será obrigatorio vir previsto de máscara e os alumnos de mais de 6 anos non poderán quitar a mesma en toda a mañá, sendo casos excepcionais os marcados polo profesorado e a hora da merenda.

- Dentro do aula:

- Accede o aula de maneira ordenada, mantendo a distancia de seguridade e espera o teu turno para entrar se é necesario.
- Non se farán cambios de mesa e cadeira entre alumnos se non son estritamente necesarios e o marca o profesor.
- Mantén en todo momento a distancia de seguridade cando esteas dentro do aula, tendo sempre presente este punto nos teus movementos.
- Mantén sempre que poidas o teu punto de estancia en clase na túa cadeira. Non debes facer movementos pola clase. Se tes que facer algún, has de avisar con anterioridade ao profesor e esperar a que che dean permiso para facelos.
- Non compartas obxectos persoais, nin material escolar, merenda, auga,... Debes asegurarte de levar todo o necesario. No caso de ser inevitable compartir algún material, avisa antes ao profesor para extremar as medidas de hixiene.
- Desinfecta antes de usar o portatiz ou o bolígrafo da pantalla antes e despois de utilizalo.
- Ao finalizar o día deberás deixar a túa mesa recollida, sen ningún elemento nin encima da mesa nin da cadeira. Debemos facilitar sempre a limpeza e desinfección das mesmas para que ao día seguinte este perfecta para que os utilices.

- Recreos:

- Procura relacionarte en grupos pequenos mantendo sempre a distancia de seguridade. Recorda que é importante que sempre esteas cos da túa clase e non cambies da túa zona acotada.
- Evita aglomeracións tanto cando baixas como cando subes. Non te quedes polos corredores nin en estancias do centro. Non obstaculices en ningún momentos os movementos dos teus compañeiros e recorda nas normas hixiénicas en todo momento.
- Ao subir e baixar do recreo recorda lavar as máns e aproveita para ir ao aseo, que terá reducido o seu aforo, polo que terá turnos neste momento.
- Recorda que cando a climatoloxía non permita o uso da praza para realizar o recreo deberás estar dentro sempre do teu aula, tendo en conta todas as normas que marque o profesorado.

- Saída do centro e volta a casa:

- Colabora sempre co persoal do centro nas saídas do centro. Utiliza as escaleiras marcadas no Plan COVID para a túa clase.
 - Mantén a distancia de seguridade entre os teus compañeiros.
 - Lava as mans antes de saír da clase e procura non tocar ningún elemento do centro que non sexa necesario.
 - Non te quedas a falar na porta. Evita aglomeracións e permite a saída dos teus compañeiros.
- Normas de hixiene:
- Mantén en todo momento unha boa hixiene de mans. Recomendase sempre que sexa posible o lavado con auga e xabón. Se non é posible usa o xel hidroalcohólico.
 - O uso do xel hidroalcohólico será baixo supervisión sempre do profesorado, pídello sempre que o necesites.
 - Segue sempre as recomendacións de limpeza de mans e de materias escolares que marque o teu profesor e os carteis informativos que atopas polo colexio.
 - Deberás limpar as mans: antes de entrar no colexio, antes de entrar no aula, antes da merenda, antes e despois de ir ao aseo, antes e despois de baixar ao recreo, antes e despois de quitar ou poñer a máscara (só nos momentos establecidos para poder quitala), antes e despois de utilizar material escolar que non sexa da túa propiedade, antes e despois de facer traballos cooperativos, cando esbirras,...
 - Evita sempre darte a man ou tocar elementos que non sexan necesarios.
 - Fai os saúdos co profesorado e os teus compañeiros a distancia.
 - Bota os panos desbotables e as máscaras rotas nas papeleiras de pedal que terás na clase.
 - Ao tusir ou esbirrar tapa a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable.
 - Evita en todo momento tocarte os ollos ou o nariz. Se tes que facelo faino cun pano desbotable limpo.
- Uso da máscara:
- Os alumnos de educación infantil non terán como obrigatorio o uso da máscara. O centro recomenda o seu uso nas entradas e saídas e no recreo para evitar os encontros con outros compoñentes da comunidade escolar.
 - Os alumnos de máis de 6 anos terán a obrigatorio de levar en todo momento a máscara. Só se poderá quitar nos momentos marcados de maneira específica polo Plan COVID.
 - O uso da máscara será obrigatorio para todos os niveis educativos cando se fagan actividades complementarias fora do centro e cando teñan que coller transporte.